

LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

TAREFAS PARA A SEMANA DO 20 AO 24 DE ABRIL PARA 2ºESO-B,3º E 4º ESO

A editorial Burlington ofrécenos a posibilidade de ler "on-line", escoitando ao mesmo tempo, unha serie de libriños de lectura (READERS) que figuran no seu catálogo.

Vamos seguir os seguintes pasos:

1- Buscade **burlington books** en Google. Facede click en **Burlington Books**

Online.

2- Ao entrar na páxina web aparece un recadro cun texto sobre cor laranxa, no centro, que di **GET YOUR FREE READERS**. Xusto debaixo deste texto en letra pequena aparece **instruccións aquí** nas catro linguas do estado. Facede click en catalán ou galego .

3- Aparece unha explicación en 4 pasos sobre cómo acceder à biblioteca de READERS (= libros de lectura). Rexistrádevos segundo se vos indica. O código sempre vai ser **BBFREE-SP** (paso nº 3). En **lingua materna** escollede **Spanish** (paso nº 4). Xa estades rexistrados.

A partir de aquí teredes acceso a un catálogo de libros de lectura en inglés por niveis . Facedes click no READER proposto e aparece a portada do mesmo coa palabra **continue** abaixo à dereita. Facede click nela.

Para escoitar o texto (NON DEIXEDES DE FACELO !!) facede click na lupiña que figura na parte superior esquerda. Veredes que aparecen os iconos de **PLAY** e **STOP**. E xunto deles a opción **highlight**, que ten que estar activada (indícase cun aspa) para que ,a medida que ledes o texto, iste apareza destacado en cor amarela e sulinado en bermello.

CONSELLOS

Posto que podedes ler e escoitar cada capítulo tantas veces queirades ou sexa preciso, é **aconsellable** que **non vos obsesionedes co vocabulario**. Aínda que non coñezades o significado dunha palabra, é preferible que a primeira vez que leades un capítulo o fagades de corrido, sen vos deter nas palabras cuio significado non sabedes. E mesmo podedes comenzar por simplemente escoitar a grabación do capítulo pero sin ler o texto. Xa nunha segunda lectura dese mesmo capítulo deberíades ler e escoitar de novo, e quizáis escribir na vosa libreta aquelas palabras ou expresións que non coñecedes. Por suposto, isto último requerirá o uso do dicionario (xa sabedes onde buscar en internet) e algo de PACIENCIA.

Cada certo número de capítulos aparecen unhas actividades (sinaladas abaixo do texto) que debedes facer e vós mesmos comprobar se as fixéchedes ben. A última delas chámase **Final check**, comprobación de cómo foi a comprensión xeral de toda a lectura.

Ademáis das actividades que aparecen no propio libro, cando se teña rematado a lectura do mesmo pasareivos eu un material extra .Fixádevos ben no argumento, nas persoaxes principais e no contexto histórico e social.

Agora paso a poñervos tarefa por cursos:

READER 2ºESO-B : The Legend od Sleepy Hollow (libros de cor verde)

Para esta semana lede **os tres primeiros capítulos** e facede a "**activity**" que vos propoñen. Comprobade en **CHECK**.

READER 3ºESO: Pocahontas (libros de cor amarela)

Lede os **catro primeiros capítulos** e facede as actividades propostas ao final do capítulo 4. Comprobade en **CHECK**.

READER 4ºESO: Moby Dick (libros de cor amarela)

Lede so **dous primeiros capítulos** e facede as actividades propostas ao final do capítulo 2. Comprobade en **CHECK**.

Para calquera dúbida estou à vosa disposición na dirección de correo que figura na web do centro.